



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASISTENCIA A COMEDORES ESCOLARES.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extrato da convocatoria de axudas polo Concello de Oleiros para a asistencia a comedores escolares, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 17 de novembro de 2016, aprobou as Bases específicas e convocatoria de axudas para asistencia a comedores escolares.

**Obxecto.-** A concesión de axudas para mantenza en comedores escolares de Centros Públicos de Ensino de Oleiros, xestionados polas ANPAS, no curso escolar 2016/2017.

**Beneficiarios.-** Representantes legais de alumnado matriculado nos Centros Públicos de Ensino de Oleiros que conte con servizo de comedor xestionado pola ANPA.

### **Financiación.-**

- Aplicación orzamentaria 2016/82.3260.48900 ata o límite de 27.000 euros.

### **Presentación de solicitudes.-**

LUGAR: Rexistro xeral do Centro Cultural "A Fábrica".

PRAZO: 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste extracto no BOP.

### **Contía das axudas.-**

A contía exacta que se concederá a cada alumno serán as establecidas no artigo 4 das Bases reguladoras específicas.

Oleiros, 17 de novembro de 2016

A 1ª Tte. alcalde, delegada de Economía e Facenda.

Asdo/ Mª José Varela Neira

